



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Nomeamento tenentes de alcalde

ANUNCIO

Por Decreto de Alcaldía nº 279 de 17 de xullo de 2023 do cal se deu conta na Sesión Plenaria de 20 de xullo de 2023, resolveuse o seguinte:

Constituída a nova Corporación, en sesión extraordinaria celebrada o día 17 de xuño de 2023 como consecuencia das eleccións locais convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril de 2019 e celebradas o día 26 de maio do corrente, estímase procede deseñar o novo réxime de organización e funcionamento deste Concello, no que están presentes os Tenentes de Alcalde, segundo configúranse nos artigos 21.1 a) da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 35.2 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Segundo determinan os artigos 23.3 da LRBRL e 46 do ROF, son libremente nomeados polo Alcalde de entre os membros da Xunta de Goberno Local e, onde esta non exista, de entre os Concelleiros.

Corresponde aos Tenentes de Alcalde substituír na totalidade das súas funcións ao Alcalde pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas funcións, así como desempeñar as funcións do Alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo Alcalde.

Na súa virtude, en uso das facultades que a esta Alcaldía confírenlle os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e 46.1 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

VEÑO EN DISPOR:

PRIMEIRO: Nomear Tenentes de Alcalde deste Concello aos concelleiros membros da Xunta de Goberno Local que a continuación se relacionan, e que substituirán, segundo a orde de nomeamento, a esta Alcaldía nos supostos de ausencia, enfermidade ou vacante:

Primeiro Tenente de Alcalde Don José Ángel Germade Barros.-

Segundo Tenente de Alcalde: Don Rafael Castro Deive.-

Terceiro Tenente de Alcalde: Dona María Luisa Abrodos Fernández.-

SEGUNDO: Notificar o presente Decreto aos Tenentes de Alcalde afectados, indicándolles o deber que teñen de manter informada a esta Alcaldía do exercicio das súas funcións delegadas, o cal fornecerá efectos desde o día seguinte o da súa firma, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia .

TERCEIRO: Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento dos disposto no artigo 38 do ROF, a efectos de que quede decatado do seu contido.

Paderne 01/08/2023

Documento asinado electrónicamente

O ALCALDE

D. Sergio PlatasCasal

2023/6389